Por todo o anterior, a valoración é satisfactoria.

**BOAS PRÁCTICAS**

Difundir o interese do máster.
Consulta dos referentes externos idóneos.
Ser membro da rede de Programas Europeos de Neurociencia (NENS).
Ter unha política de calidade desde a súa implantación que foi revisada e implementada na memoria do 2009.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Non se consideran necesarias no momento actual.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

| COMPETENCIAS / OBXECTIVOS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

Tanto na memoria do 2006 coma na do 2009, na páxina web do programa e nas páxinas web das Universidades de Santiago e Vigo, indícanse claramente os obxectivos do máster e as competencias que os alumnos deben adquirir. Os obxectivos xerais están máis claramente expresados na memoria do 2009 e as competencias específicas a acadar foron modificadas nesa memoria para a súa adaptación ao novo plan de estudos. Dito plan impártese por primeira vez no presente curso académico 2011-2012.
Nos sistemas de garantía de calidade dos centros aos que está adscrito o máster nas tres Universidades indícanse o procedemento para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos.

**BOAS PRÁCTICAS:**

Os potenciais estudantes teñen toda a información sobre os obxectivos e competencias na web propia.
Todos os profesores/titores do máster exercen labor de asesoramento aos pontenciais estudantes sobre a importancia do coñecemento e investigación en neurociencia, os obxectivos do máster e as competencias a adquirir.
As competencias foron adaptadas ao novo plan de estudos o cal, a súa vez, responde á necesidade de adaptación ao novo marco legal (definición das titulacións de grao e separación dos estudos de máster e doutoramento antes agrupados nun POP) e á necesidade de posibilitar a adquisión do título de máster aos alumnos que optaban por facer 60 créditos para optar ao doutoramento.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

As melloras fixéronse ao propor a memoria do 2009. A comisión académica do máster considera que non se deben propor novas modificacións ata que se poida evaluar o novo plan de estudos.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

| ACCESO E ADMISIÓN DE ESTUDANTES | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

A información relevante que os alumnos necesitan relativa á admisión e matrícula, cos accesos á mesma, está dispoñible na web propia e nas webs das Universidades que imparten o máster.
Na memoria do 2006 o número de prazas ofertadas foi 30 (20 U. de Santiago, 5 U. de A Coruña e 5 U. de Vigo). Tendo en conta que algúns anos a demanda foi superior, e que moitos alumnos fan o máster unicamente por motivos académicos, sen desexar acceder ao doutoramento, na memoria do 2009 o número de prazas ofertadas foi 50 (30 U. de Santiago,10 U.de A Coruña e 10 U.de Vigo).
Os prazos de matrícula e outros aspectos administrativos son diferentes entre as tres Universidades que imparten o máster, o que redunda en perxuizo do funcionamento do mesmo e, polo tanto, da súa calidade. A Comisión Académica do máster solicta ano tras ano ás Universidades que o imparten a unificación de criterios, sen ter satisfeita a súa demanda.
As datas de matrícula e comenzo do curso están adaptadas aos estudos de grao, pero os estudantes que solicitan a admisión no máster proceden das licenciaturas, polo que todos os que terminan a licenciatura en septembro teñen que matricularse na segunda data, cando o curso leva xa un mes de impartición. Valorouse a posibilidade de non permitir a matrícula na segunda data, pero ese feito suporía deixar fora do máster a metade dos nosos alumnos.
O programa conta con algúns alumnos procedentes de Iberoamérica. Proponse captar máis estudantes estranxeiros, pero detectouse un problema ca tardanza en acadar os visados, de feito estes alumnos non poden entrar en España e incorporarse ás clases ata decembro, cando os cursos obrigatorios están a punto de terminar, o que fai que teñan que volver matricularse, alomenos nalgúns deles, o seguinte ano.

**BOAS PRÁCTICAS:**

A información relevante con respecto a admisión e matrícula está dispoñible para os futuros estudantes do máster na web propia e nas webs das Universidades que o imparten.
A Comisión académica en xeral e os coordinadores do máster en particular asesoran aos potenciais alumnos sobre todos os aspectos relativos á admisión e matriculación.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Solicitar, un ano mais, ás Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo que adopten as medidas necesarias para acadar a unificación dos procesos administrativos nas tres Universidades.
Solicitar que ata que os estudantes do máster procedan dos estudos de grao, o inicio de curso estea en relación coa finalización dos estudos de licenciatura.
Pedir ás Unversidades que soliciten ás autoridades competentes a axilización dos visados aos alumnos de máster procedentes de Iberoamérica.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| Socilitar ás Universidades participantes:<br>- A unificación dos procesos de admisión e matrícula.<br>- A adecuación do inicio do curso á orixe dos estudantes.<br>- Que soliciten ás autoridades competentes a axilización dos visados aos alumnos de máster procedentes de Iberoamérica. | Mellorar a calidade do máster |

## PLANIFICACIÓN DAS ENSINANZAS

*Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da ensinanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

O máster de neurociencia iniciouse no ano 2006 como unha titulación dentro do Programa Oficial de Postgrado de Neurociencia. As ensinanzas do máster de neurociencia foron planificadas dacordo coa lexislación vixente como se recolle na memoria do 2006. A Comisión Académica en base a reunións cos alumnos e aos análises de enquisas propuxo accións de mellora que deron orixe a modificacións na planificación inicial:

- Axustes no profesorado, créditos e oferta de materias optativas co obxecto de mellorar a docencia.
- Modificación da secuencia temporal de impartición dalgunhas materias, co obxecto de facilitar a optatividade do estudantado.
- A reorganización do módulo de actividades de iniciación á investigación, elevando o número de créditos adscritos ao Traballo de Investigación Tutelado para potenciar as actividades de iniciación á investigación, xa que o máster ten un forte perfil investigador.
- A introdución da presentación das liñas de investigación asociadas ao máster durante o primeiro ano para facilitar aos estudantes o acceso á información e aos posibles titores.
- A introdución do itinerario de doutoramento, para mellor garantir a formación daqueles alumnos que só desexen cursar 60 créditos no máster co obxectivo de acceder ao doutoramento.
- Cambiar o nome do Traballo de Investigación Tutelado por Traballo Fin de Máster a fin de adaptarse á lexislación vixente.

A implantación dos grados de 240 créditos, xunto coa desaparición do Programa Oficial de Postgrao e demanda dun título de máster por parte dos alumnos que cursaban 60 créditos para acceder ao doutoramento aconsellou a redución do número de créditos do máster de 120 a 60 e a necesidade de adecuar a oferta á demanda coa reducción do número de especialidades de 4 a 2. O cambio iniciouse no 2009 coa presentación dunha nova memoria adaptada a nova lexislación.
No informe sobre a proposta de modificación do plan de estudos emitido pola ANECA, no que a memoria se informou favorablemente, recomendouse na planificación do ensino "Asegurar que los módulos y materias que componen el plan de estudios garantizan la formación avanzada o el carácter especializado del máster. Sin embargo en los módulos de Biología Celular, Neuroanatomía y Fisiología del sistema nervioso se hace referencia a cuestiones teóricas básicas".
Como xa se alegou á ANECA, revisados os plans de estudo das licenciaturas, diplomaturas ou grados que dan acceso ao máster e constatando que en moitos deles non se imparten esas cuestións teóricas básicas, a comisión académica estimou oportuno manter eses contidos nos cursos obrigatorios que aseguran a formación mínima que todo alumno debe posuír, pero potenciando os aspectos máis novedosos, incluídas as novas técnicas e modificáronse as guías docentes para recollelos. Xa que no informe final se volve insistir neste punto, a Comisión académica solicitou aos profesores desas materias facer referencias a cuestións teóricas básicas só cando sexan necesarias para que os estudantes poidan seguir a explicación, e analizar o desenvolvemento das mesmas ao finalizar a súa impartición para, de ser o caso, proceder á modificación das guías docentes, do sistema de impartición ou de ambos os dous.

**BOAS PRÁCTICAS:**

A planificacion da ensinanza cumpre a lexislación vixente e está accesible para todos os interesados.
A Comisión Académica do máster analiza continuamente o desenvolvemento do mesmo, decide as accións de mellora correspondentes, e propón aos órganos competentes as modificacións correspondentes.
A presentación dos Traballos Fin de Máster nunha xornada que permite a interacción entre os investigadores/titores do máster e os estudantes que inician a súa investigación.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**
Asegurar que as materias Bioloxía Celular, Neuroanatomía e Fisioloxía do Sistema Nervioso garantan a formación avanzada e o carácter especializado do máster.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| Impartición das materias Bioloxía Celular, Neuroanatomía e Fisioloxía do Sistema Nervioso facendo as mencións imprescindibles a cuestións teóricas básicas. | Garantir a formación avanzada e o carácter especializado do máster. |

## RECURSOS HUMANOS

*Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

O persoal académico do máster de Neurociencia selecciónase en base aos seguintes criterios: probada capacidade docente, alta especialización científica e adecuación do labor investigador coa docencia a impartir, polo que ten unha elevada cualificación tanto docente como investigadora. Os datos sobre a súa categoría académica e os quinquenios e sexenios por eles acadados están indicados na memoria do novo plan de estudos. Tanto a memoria actual coma a primeira tiñan toda a información sobre o persoal académico preceptiva no momento de presentalas. Co cambio do máster a un ano reduciuse considerablemente o persoal académico favorecendo os labores de coordinación. Desde o primeiro ano de implantación do máster faise unha revisión anual do persoal académico e, de ser o caso, modifícase e fanse os cambios correspondentes nas guías docentes das materias, nas liñas de investigación e no listado de profesores titores.
O máster conta co apoio administrativo da xestora da Facultade de Bioloxía a Universidade de Santiago de Compostela á que está adscrito o co apoio do persoal administrativo e de servizos dos centros das tres Universidades nos que se imparte a docencia, tal como está descrito na memoria do 2009, mais dito apoio demostrou ano tras ano ser insuficiente.
Polo tanto, aínda que a valoración do apartado correspondente ao persoal académico e satisfatoria a valoración xeral do criterio quédase en suficiente.

**BOAS PRÁCTICAS:**

Selección do profesorado do máster en base a súa probada capacidade docente, alta especialización científica e adecuación do labor investigador coa docencia a impartir.
Revisión anual do profesorado e axustes no persoal académico cando son necesarios.
Na web do programa encóntrase a información actualizada do persoal académico e da súa responsabilidade no máster.
Contar co apoio administrativo da xestora da Facultade de Bioloxía e co apoio do persoal administrativo e de servizos dos centros das tres Universidades nos que se imparte docencia.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Solicitar persoal adminitrativo suficiente nos Centros aos que está adscrito o máster para que poidan encargarse totalmente dos labores administrativos que esixe o seu desenvolvemento e do mantemento da páxina web propia do máster.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| Cambios no persoal académico | Satisfacer as necesidades docentes mantendo unha elevada cualificación. |
| Solicitar persoal adminsitrativo suficiente para a xestión do programa e do mantemento da páxina web | Descargar á comisión académica de labores de xestión para que poida atender mellor ás súas obrigas. |

## RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

*Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

O máster conta con recursos materiais e servizos nas tres Universidades que o imparten segundo aparece na memoria 2009. Merece destacarse a dispoñibilidade de aulas de videoconferencia nas tres Universidades a partir do curso 2009-2010 o que propiciou a impartición das materias obrigatorias do máster por videoconferencia.
A comisión académica constata a necesidade de que as Universidades que imparten o programa conten cun sistema unificado de xestión para que os profesores do programa dispoñan da información relativa aos seus alumnos de máster, independentemente da Universidade na que estes fixeran a matrícula, asi como de acceder e asinar actas conxuntas. Os alumnos deberían poder acceder a unha aula virtual interuniversitaria.

**BOAS PRÁCTICAS:**

A coordinación do máster asegura o fluxo de información a profesores e estudantes.
Dispoñibilidade dos recursos materiais e servizos dos centros nos que se imparte docencia.
Impartición dos cursos obrigatorios por videoconfencia entre as tres Universidades.
Poñer en dropbox ou enviar por correo electrónico os materiais que os profesores consideren que deben estar a disposición dos estudantes.

PROPOSTAS DE MELLORA:
Solicitar ás Universidades que imparten o programa un sistema de xestión interuniversitario.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| Usar dropbox para enviar materiais aos estudantes | Para que os estudantes dispoñan dun sistema de acceso aos materiais necesarios. |

## RESULTADOS PREVISTOS

*Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **<u>B</u>** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

Na memoria inicial dol Máster de Neurociencia, realizada no ano 2006, non se especificaban os resultados previstos. Na memoria de modificación do programa, realizada no ano 2009, que reduce o número de créditos de 120 a 60, incluíronse as seguintes previsións (curso 2011-2012):
TAXA DE GRADUACIÓN 80%
TAXA DE ABANDONO 20%
TAXA DE EFICIENCIA 90%

Xa que as universidades participantes neste Máster (UVIGO, USC y UDC) non se coordinaron para ofrecernos os datos conxuntos dos alumnos matriculados, os coordinadores do máster recopilamos os datos que se amosan na seguinte táboa:

| | Curso | UVIGO | USC | UDC |
|---|---|---|---|---|
| | | | It. Máster/ It Doutoramento | |
| Taxa de rendemento | 2006-2007 | | | |
| | 2007-2008 | | | |
| | 2008-2009 | 100 | 84.5/90.95 | |
| | 2009-2010 | 100 | 87.64/74.68 | 0 |
| | 2010-2011 | 69.05 | 84.96/84.31 | 84.02 |
| Taxa de abandono | 2006-2007 | | | |
| | 2007-2008 | | | |
| | 2008-2009 | | 27.3 | |
| | 2009-2010 | | 16.7 | |
| | 2010-2011 | | | |
| Taxa de eficiencia | 2006-2007 | | | |
| | 2007-2008 | | | |
| | 2008-2009 | 96.77 | 99.38 | |
| | 2009-2010 | 100 | 49.2/83.9 | |
| | 2010-2011 | 100 | 33.1/98.9 | 98.19 |
| Taxa de graduación | 2006-2007 | | | |
| | 2007-2008 | | | |
| | 2008-2009 | 100 | 72.7/28.6 | |
| | 2009-2010 | 100 | | |
| | 2010-2011 | 60 | | |
| Taxa de éxito | 2006-2007 | | | |
| | 2007-2008 | | | |
| | 2008-2009 | 100 | 100/100 | |
| | 2009-2010 | 100 | 98.77/100 | 0 |
| | 2010-2011 | 97.75 | 97.46/100 | 100 |

A información que as Universidades nos proporcionan é hetereoxénea e dificilmente se pode facer unha análise conxunta; por exemplo as Universidades de Vigo e A Coruña non separan os alumnos de "itinerario de doutoramento" que só realizan 60 créditos, dos que fan o máster completo, 120 créditos.
Unha análise pormenorizada mostra que a taxa de eficiencia da Universidade de Santiago de Compostela non é indicativade mal funcionamento xa que penaliza que o número de créditos das materias é moi variable e que a meirande parte dos seus alumnos matricularonse en mais de 120 ou de 60 créditos segundo o caso, para escoller as materias do seu interese,  e non reflicte que os estudantes superaran tódos os créditos nos que se matricularon nun tempo axeitado. Agas destes, os indicadores son en xeneral superiores ao 80% e polo tanto considerámolos aceptables. Existen tamén

problemas puntuais que merecen unha reflexión. No curso 2010-2011 a taxa de graduación dos alumnos da Universidade de VIGO caeu a un 60%, debido a que dos cinco alumnos que se matricularon no itinerario de doutoramento, dos de eles no foron quen de superar todas as materias. A análise deste problema denota que os dous alumnos que non superaron o curso por razóns académicas son alumnos que taballaban (MIR). No futuro informaremos a estes alumnos da importante carga de traballo do máster e recomendarémoslles a matricula a tempo parcial, que lles permita superar ol programa en mellores condicións. Tamén chama a atención o 0% en tasa de rendimiento da UDC no curso 2009-2010, isto débese ao baixo número de estudantes que se matriculan na UDC e tamén na UVIGO. A comisión académica non se explica a taxa de graduación no itinerario de doutoramento da USC no 2008-2009, xa que non ten constancia de ningún estudante que deixara o máster agás de dous que non asistiron as clases nin pagaron a matrícula e que ao noso entender non deberían ser contabilizados.
A taxa de abandono tamén é imposible de obter dos datos proporcionados polas universidades.
Dos datos acadados durante estes anos pola comisión académica, calculamos as taxas de graduación e as taxas de abandono:

| | | Máster | | Itinerario Doutoramento | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | TC | TP | TC | TP |
| 2006-2007 | T. G. | 88% | | 62% | |
| | T. A. | 11% | | 27% | |
| 2007-2008 | T. G. | 100% | | 88% | |
| | T. A. | 0 | | 11% | |
| 2008-2009 | T. G. | 100% | | 75% | 60% |
| | T. A. | 0 | | 25% | 20% |
| 2009-2010 | T. G. | | 0 | 80% | 100% |
| | T. A. | 33% | | 20% | 0 |
| 2010-2011 | T. G. | | | | |
| | T. A. | 0 | 0 | 0 | 0 |

T. G.: Taxa de graduación
T.A. Taxa de abandono
TC: Tempo completo
TP: Tempo parcial

Da súa análise dedúcese que a taxa de graduación é moi alta no máster completo e que as medidas tomadas pola comisión académica para elevala no itinerario de doutoramento están a dar resultados.
A comisión académica tamén constatou durante estes anos que a taxa de abandono foi moi variable, sendo tres as causas principais de abandono: pensar que os estudos do máster de neurociencia teñen un menor grado de esixencia, enfermidade, comezar a traballar e non ser capaces de compatibilizalo.
Dado que o máster de neurociencia non é un máster profesionalizante, que moitos dos seus alumnos traballaban antes de empezalo ou acadaron traballo durante a súa realización, ou tiñan contratos ou becas de investigación e que moitos deles pasaron do máster ao doutoramento, non fixemos análises de inserción laboral. Tampoco atopamos ditas análises en ningunha base de datos.

**BOAS PRÁCTICAS:**

A comisión académica anualmente fai un seguimento dos alumnos que completan os seus estudos segundo o itinerario escollido, analiza os problemas que se plantexan, a meirande parte deles relacionados con estudantes que compatibilizan os estudos co traballo, e analiza as causas de desentimento por parte dos estudantes que deixan o máster.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Posibilitar a matrícula a tempo parcial (ano 2008).
Axustar o número de créditos das materias do novo máster para que tódolos alumnos se matriculen en 60 créditos (na memoria do 2009, que entrou en vigor neste curso 2011-2012).
Solicitar que as universidades responsables do Máster se coordinen para dar os datos conxuntos e verídicos das taxas.
Dar mais información aos alumnos sobre o grao de esixencia do máster. Dedicaremos especial atención a aqueles estudantes que compatibilizan traballo e máster (MIRES e outros) sobre a forte carga de traballo do máster.
Esforzarémonos en que entendan que para eles a mellor opción é a matricula a tempo parcial.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| Xa que o master modificado, pasando de 120 a 60C, empeza a impartirse este ano, non faremos máis reformas ata analizar os datos do curso 2011-2012. | |

| SISTEMA DE GARANTÍA DA CALIDADE |
|---|
| *Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.* |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** |

| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

Dende a súa implantación no ano 2006 o máster de neurociencia contou cun sistema propio de garantía de calidade tal como se describe na memoria do 2006. Na actualidade o máster de neurociencia ríxese polo sistema de garantía de calidade dos centros aos que está adscrito nas tres Universidades.
A comisión académica detecta falta de coordinación entre os vicerreitorados das tres Universidades que imparten o máster así como ausencia de datos conxuntos referentes as taxas de rendemento ... dunha titulación que é conxunta o cal obriga á comisión académica do máster a facer labores de xestión para proceder á análise dos datos e a facer as propostas de mellora. Ademáis, a insufiencia de persoal de xestión no centro ao que está adscrito o programa obriga ao coordinador do máster a facer labores administrativas.
A comisión académica do máster considera a valoración deste apartado satisfactoria grazas, en boa parte, ao traballo extra realizado por a comisión académica.

**BOAS PRÁCTICAS:**

A Comisión académica do máster fai o seguimento do título e propón as accións de mellora

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Solicitar ás Universidades que imparten o máster a unificación e posta a disposicón da comisión académica do máster dos datos correspondentes ao mesmo, así como mais persoal nos centros aos que está adscrito o máster para que poidan facer os traballos de xestión e administrativas.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| Solicitar que as Universidades que imparten o máster poñan a disposición da comisión académica todos os datos necesarios para facer o seguimento do máster e que dispoñan de persoal suficiente para levar a cabo os traballos de xestión e administración. | Descargar á comisión académica de traballos de xestión e administración para que poida dedicarse as súas obrigas. |

| CALENDARIO DE IMPLANTACIÓN | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **<u>A</u>** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

Tal como se indica na memoria 2009 o máster de Neurociencia "Proviene de sucesivas transformaciones de los estudios de doctorado de Neurociencia impartidos por las tres Universidades de Galicia. El programa de doctorado Interuniversitario de Neurociencia empezó en el bienio 2003-2005 y en el año 2004 alcanzó la Mención de Calidad del Ministerio de Educación y Ciencia (2004-00402) En el año 2006 se transformó en el Programa Oficial de Postgrado de Neurociencia, impartiendo las titulaciones de máster y doctorado, procediendo el máster de los antiguos estudios de doctorado. Con el cambio de normativa, el máster integrado en el programa oficial de Postgrado dio lugar al Master en Neurociencia, verificado por la Comisión de Verificación de Planes de Estudios designada por el Pleno del Consejo de Universidades, en su sesión del 1 de junio de 2009. El programa de Neurociencia mantuvo ininterrumpidamente la Mención de calidad del Ministerio de Educación y Ciencia (MCD2006-00505), ya que fue renovada en el curso 2008-2009 con validez hasta el curso 2011-2012 (BOE 12 de noviembre de 2008)".
A implantación do máster no 2006 e as sucesivas modificacións do mesmo transcorreron según o previsto.
No presente curso académico 2011- 2012 implantouse o novo plan de estudos, tal como quedou establecido na memoria do 2009.

**BOAS PRÁCTICAS:**

Axustarse aos calendarios de implantación.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Non proceden.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

**4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMENTO.**

| INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN | |
|---|---|
| **Recomendacións establecidas no informe final** | **Accións levadas a cabo (incluindo datas, responsable, estado, ...)** |
| No informe final de verificación de 24/06/2009 da “Secretaría General del Consejo de Coordinación Universitaria” non houbo recomendacións | |
| No informe sobre a “Propuesta de Modificación del Plan de Estudios” de 03/09/2010 emitido pola ANECA recoméndase: “Asegurar que los módulos y materias que componen el plan de estudios garantizan la formación avanzada o el carácter especializado del máster. Sin embargo en los módulos de Biología Celular, Neuroanatomía y Fisiología del sistema nervioso se hace referencia a cuestiones teóricas básicas”. | **Accións levadas a cabo**: Impartición das materias Bioloxía Celular, Neuroanatomía e Fisioloxía do Sistema Nervioso facendo só as mencións imprescindibles a cuestións teóricas básicas.<br>**Data:** Curso académico actual.<br>**Responsable:** Proposta da comisión académica, execución polos profesores das materias.<br>**Estado:** En execución. |

| INFORMES DE SEGUIMENTO (indicar o ano)<br>Memoria de Calidade 2009-2010 da Universidade de Santiago de Compostela.- Master de Neurociencia | |
|---|---|
| **Recomendacións establecidas no informe de seguimento** | **Accións levadas a cabo (incluindo datas, responsable, estado, ...)** |
| Elevar o número de alumnos matriculados | Redución da duración do máster a un ano.<br>Comisión académica<br>2011-2012 |
| Unificación dos trámites administrativos | Solicitar aos responsables das Universidades de A Coruña, Santiago e Vigo a unificación dos trámites administrativos.<br>Comisión académica.<br>2011-2012 |
| Conseguir que a matrícula finalice antes do comezo das clases e que os alumnos estranxeiros se incorporen o primeiro día de clase | Solicitar a adecuación as datas de admisión á data de comenzo do curso. Solicitar a mellora dos prazos de admisión dos alumnos estranxeiros para que podan acadar os visados antes do comezo do curso.<br>Comisión académica..<br>2011-2012 |
| Mellorar a taxa de eficiencia | Axustar o número de créditos das materias do novo máster para que tódolos alumnos se matriculen en 60 créditos<br>Comisión académica.<br>2011-2012 |
| Taxa de abandono | Controlar que todos os alumnos se matriculen no itinerario (máster ou doutoramento) axeitado ás súas necesidades.<br>Coordinadora do máster.<br>2010-2011 |
| Adecuación do ensino ao nivel de máster das materias Bioloxía celular, Neuroanatomía e Fisioloxía do sistema nervioso | Estudo do nivel de coñecementos previos dos alumnos nas materias Bioloxía celular, Neuroanatomía e Fisioloxía do sistema nervioso.<br>Comisión académica e profesores das materias.<br>2011-2012 |